



BASES DO XXVIII CONCURSO CUAC FM DE BANDAS E SOLISTAS 2026

A emisora comunitaria da Coruña, CUAC FM 103.4, convoca a **XXVIII edición** do seu Certame para bandas e solistas de diversos estilos musicais. O principal obxectivo é promover a cultura musical na nosa contorna e dar a coñecer proxectos que non teñan unha longa traxectoria, con especial atención ás bandas galegas e da Coruña, aínda que o concurso está aberto á participación de artistas de toda España.

O XXVIII Concurso CUAC FM de Bandas e Solistas rexerese polas seguintes regras:

♫ **Primeira.-** Poderán participar neste concurso todos aqueles grupos musicais ou solistas residentes en España de calquera estilo musical a excepción da música clásica.

Poderán participar GRUPOS OU SOLISTAS que **NON editasen máis de 15 cancións da súa propia composición na data na que finaliza o prazo de presentación de propostas**, independentemente do formato no que fosen realizadas. Contan as edicións físicas de CD, vinilos, EP, singles e edicións dixitais en plataformas como Bandcamp, Spotify, Soundcloud e similares. Compútanse as cancións editadas co mesmo nome da banda ou solista.

O feito de publicar as cancións cun selo discográfico independente ou ter un contrato cunha distribuidora non exclúe poder participar neste concurso.

IMPORTANTE: As bandas e solistas que teñan contrato deberán indicar o nome do seu selo ou o seu distribuidor no formulario de inscrición. Non facelo será motivo de descalificación.

♫ **Segunda.-** Cada participante deberá cubrir o formulario de inscrición que se atopa na páxina web de CUAC FM e ao final das presentes bases.

Se hai erros no rexistro, non será válido. En caso de duplicar o rexistro, só se terá en conta un deles.

Cada proxecto debe enviar dúas cancións de composición propia **descargables en MP3**.

Os MP3 serán enviados a través dun enlace de descarga gratuíta que deberá inserirse no formulario de rexistro no espazo correspondente. En caso de problema coa descarga, a organización contactará por correo electrónico para solucionalo.

Sistemas suxeridos (aínda que outros son válidos tamén): Google Drive, Dropbox, MEGA, UploadMe. Asegurarse de que se compartan correctamente para evitar problemas de descarga.

IMPORTANTE: non está permitido enviar a través de WeTransfer ou calquera outro sistema no que exista un período de caducidade para descargar as cancións. Polo menos deben estar dispoñibles para a súa descarga na data que se establece nos termos dos seguintes parágrafos para ambas fases do concurso.

Non se aceptan enlaces web como Bandcamp, Spotify, Amazon Music, YouTube ou similares.

O prazo límite para enviar o rexistro e as cancións é o domingo 31 de maio de 2026 ás 23:59 horas.

♪ **Terceira.**- O xurado do concurso será elixido pola emisora CUAC FM en número impar, cun mínimo de cinco compoñentes. Estará composto por persoas alleas á asociación e por membros de CUAC FM.

♪ **Cuarta.**- O sistema de votación será decidido pola organización do concurso, sempre en base a un sistema equitativo e ratificado polo persoal da organización do concurso pertencente a CUAC FM.

♪ **Quinta.**- PREMIOS. Esta XXVIII Edición conta de novo coa colaboración do Concello e da Deputación da Coruña co obxectivo de mellorar os premios e conseguir unha maior difusión e dotación do certame, así como unha maior repercusión para as bandas gañadoras.

A colaboración acordada entre CUAC FM e o Concello da Coruña garante unha vinculación do concurso co Festival Noroeste Estrella Galicia aportando nesta convocatoria dúas bandas galegas ao cartel do citado festival.

Os premios dividiranse en 2 fases:

- **1ª Fase: PREMIOS EXCLUSIVOS PARA BANDAS GALEGAS**

Grazas á colaboración co Concello da Coruña, establécense **2 gañadores** nesta XXVIII Edición cuxo premio consistirá nunha actuación **no Festival Noroeste Estrella Galicia que se celebra no mes de agosto na cidade da Coruña.**

A organización do festival será a responsable de decidir os escenarios, día e hora na que participarán as bandas gañadoras, de forma coordinada coa persoa responsable da banda para facilitar a súa participación no evento.

Serán seleccionadas as **dúas bandas ou solistas residentes en Galicia** que obteñan máis puntuación nas votacións do xurado. Por tanto, unha vez outorgadas as puntuacións a todas as bandas participantes, a que máis puntos obteña da Coruña participará de forma automática no Festival Noroeste Estrella Galicia.

A remuneración para estes dous proxectos gañadores será de **1.000 euros** para cada un (impostos e obrigas legais incluídos), sendo requisito imprescindible para obtelo actuar no Festival Noroeste Estrella Galicia 2026. Esta remuneración será aboada directamente polo organismo organizador do citado festival previa presentación da correspondente factura por parte das bandas ou solistas gañadores ou os seus representantes legais.

En caso de empate a puntos procederase tal como indica a norma SEXTA das presentes bases.

A participación neste concurso non exclúe a posibilidade de ser contratados pola organización do festival con anterioridade a coñecerse o veredito do xurado.

Se se dá o caso de que un solista ou unha banda gañadora xa estivese contratada para actuar no Festival Noroeste Estrella Galicia, deberá informar a CUAC FM desta situación **e decidir se a actuación a realiza como gañadora do presente concurso ou fóra del.**

Esta eventualidade non repercutirá no número de bandas galegas premiadas no Concurso de CUAC FM que participen no Festival Noroeste Estrella Galicia, que sempre será de **dous**. En caso de renunciar algunha das gañadoras, convocaríase ás seguintes por orde de puntuación obtido.

A listaxe de gañadores das dúas fases farase pública, como data límite, o **1 de xullo de 2026**. En función da puntuación designaranse bandas ou solistas finalistas suplentes aos que se lles comunicará esta clasificación para que estean preavisados no caso de que os gañadores non poidan realizar a actuación.

- **2ª Fase: ABERTA A TODAS AS PROPOSTAS RECIBIDAS DE CALQUERA LUGAR DO TERRITORIO ESPAÑOL**

PREMIOS BATALLA DE BANDAS

Os dous grupos ou solistas que obtiveran maior número de puntos serán finalistas do concurso, **excluíndo aqueles que por puntuación, e por ser galegos, clasificáronse para actuar no Festival Noroeste Estrella Galicia**, con premio garantido a condición de que participen na Batalla de Bandas do Concurso de Bandas e Solistas CUAC FM, que se celebrará o **sábado 19 de setembro de 2026** na Sala Mardi Gras na Coruña. En caso de non participar no concerto, chamarase aos seguintes clasificados ata que 2 confirmen a súa asistencia. **Cada grupo actuará durante 40 minutos**. Pódense incluír un máximo de dúas versións no repertorio.

En caso de empate a puntos procederase tal como indica a norma SEXTA das presentes bases.

O xurado desta actuación estará composto por cinco ou sete persoas de entre os integrantes de CUAC e persoas designadas pola organización para esa data. No caso de que un membro do xurado non asista á hora do concerto, a organización nomeará a un novo membro de entre os presentes (preferiblemente persoas de CUAC FM primeiro e o persoal da Sala Mardi Gras en segundo lugar) para que

sexan sempre un número impar.

Unha vez finalizadas as dúas actuacións da Batalla de Bandas, ese xurado decidirá quen é o primeiro e quen o segundo. Os premios serán de **1.000 euros e 900 euros** respectivamente (impostos e obrigas legais incluídos).

Inmediatamente despois de finalizar as dúas actuacións da Batalla de Bandas, ese xurado decidirá cal queda de primeira e cal de segunda. Os premios serán de **1.000 euros e 900 euros** respectivamente (imposto e obrigas legais incluídas).

A decisión comunicárase directamente aos interesados nese momento e realizarase unha cerimonia de entrega de premios. Posteriormente será enviado o resultado aos medios de comunicación e se difundirá en redes e web de CUAC FM.

PREMIO "EVA COYOTE" EXCLUSIVO PARA BANDAS OU SOLISTAS DA CORUÑA

A banda ou solista da Coruña con máis puntos, **excluíndo aquelas que por puntuación clasificáronse para actuar no Festival Noroeste Estrella Galicia ou para a Batalla de Bandas e solistas**, obterá o Premio Eva Coyote.

Para ser considerado banda ou solista da Coruña, polo menos a metade dos seus integrantes deben estar empadroados na cidade na data en que se anuncie que foron gañadores deste premio. O premio será para a banda local que obteña a puntuación máis alta independentemente da orde obtida na clasificación xeral de bandas ou solistas.

Esta banda ou solista recibirá o premio Eva Coyote e será anunciada durante a Batalla de Bandas. O premio económico será de **900 euros** (impostos e obrigas legais incluídos). A banda ou solista que gañe o premio deberá actuar, como parte do premio, nun evento organizado por CUAC FM. O devandito concerto deberá realizarse nun prazo máximo de 7 meses despois da Batalla de Bandas. Se a actuación non se realiza por motivos alleos ao proxecto gañador, obterá igualmente o premio económico indicado.

PREMIO Á MELLOR CANCIÓN EN GALEGO

Establécese un premio de **200 euros** para a que o xurado considere a Mellor Canción en Galego de entre todas as recibidas nese idioma. O premio non conleva compromiso de actuación. CUAC FM comprométese á súa emisión en continuidade e a engadir un audio do proxecto gañador deste premio presentando a canción.

En caso de empate a puntos procederase tal como indica a norma SEXTA das presentes bases.

♫ **Sexta.**- En caso de empate nas puntuacións, o gañador será quen obteña a puntuación máxima máis veces. Se o empate continúa, seguiranse os seguintes niveis de puntuación ata que se logre un desempate.

♫ **Sétima.**- As bandas xa premiadas en edicións anteriores do Concurso de Bandas e Solistas de CUAC FM (anteriormente chamado Concurso de Maquetas) non poderán participar neste concurso, exceptuando a premiada co premio de Mellor Canción en Galego, que non conleva actuación, polo que se cumpre o resto de requisitos poderá participar.

♫ **Oitava.**- A participación neste concurso implica a aceptación tácita de todas as súas bases. As cancións enviadas serán transmitidas en CUAC FM. Bandas e solistas autorizan a emisión en CUAC FM das cancións presentadas, mesmo aquelas que non obtivesen premio ningún.

Se por algunha razón xustificada algunha banda ou solista non desexa que as súas cancións sexan transmitidas en CUAC FM, deberá solicitalo por escrito escribindo a concursobandas@cuacfm.org

♫ **Novena.**- Se a organización detecta o incumprimento dalgún apartado destas bases en calquera momento do proceso entre a convocatoria e a resolución do presente concurso, a banda ou solista que incumprise será inmediatamente descalificado.

♫ **Décima.**- **Se se detecta algún incumprimento das bases unha vez realizado o pago a un dos proxectos gañadores, poderase solicitar a devolución do importe económico do premio.**

NOTA: Para resolver dúbidas podes escribir un correo electrónico a concursobandas@cuacfm.org

[Cubrir fomulario inscrición](#)

A Coruña, 14 de marzo de 2026
Cuac FM, XXX Anos de Radio Comunitaria da Coruña